



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Presidente da Xunta de Galicia

Conselleiro de Educación, Cultura e ordenación universitaria.

Edificio San Caetano – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sr. Presidente

Sr Conselleiro

A Defensora do Pobo no seu estudo de 2013 sobre a gratuidade de libros de texto di textualmente:

*“O Defensor do Pobo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por isto que **este carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursas os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen custe ningún.** Esta opinión, que xa expresou o Defensor do Pobo no seu informe anual de 1995, foi avalado e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: **“A Constitución española é taxativa. A educación básica é obrigatorio é gratuíta (art. 27.3) . O libro de texto ou material didáctico que sexa preciso para impartir a educación básica e, polo tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, ten que ser gratuíto”.***

Consecuentemente con esa normativa superior, e coa interpretación que as altas instancias do Estado fan da mesma, esta Confederación leva anos reclamando a volta ao sistema de préstamo universal e gratuíto de libros de texto, sistema que foi iniciado no último goberno presidido por Manuel Fraga, continuado no presidido por Emilio Pérez Touriño, e posteriormente modificado contra a opinión das familias galegas, e da inmensa maioría do profesorado, para dar lugar a un procedemento de imposible cuantificación, e que está en constante reforma, que desata permanentes protestas entre as familias, e que non resolve ningunha das demandas nin familiares nin sociais que nós representamos.



Rúa Roma, 21
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Lemos estes días na prensa que o seu goberno vai investir unha considerable cantidade de diñeiro público en diferentes políticas sociais e nun número importante de melloras nas infraestruturas educativas, e preguntámonos se non sería agora o momento de cumprir o mandado constitucional da gratuidade do ensino e retomar o exitoso sistema do préstamo universal de libros de texto, o que xuntaría a mellora social coa mellora educativa, porque é un sistema que:

- Defende a economía familiar.
- Iguala en oportunidades a todos os nenos e nenas galegos.
- Introduce na educación da infancia e xuventude os valores da reutilización e da conservación dos bens comúns, e reforza a conciencia de pertenza ao grupo ao responsabilizarse do estado de recepción e entrega do libro compartido.
- Retira ao libro de texto parte do seu carácter mercantil para outorgarlle fundamentalmente un carácter de recurso educativo.

Por todas estas razóns, e porque é unha reclamación permanente entre a comunidade educativa da nosa Comunidade, invitámoslle a modificar o actual procedemento, ao noso entender moitísimo máis custoso para as arcas públicas, e dende logo moitísimo máis ineficaz, e a considerar os libros de texto como un ben común que a Administración que vostede dirixe ten que facilitar ao mellor que temos todos os galegos: os nosos fillos e fillas, o futuro do País.

Un saúdo cordial.

